

Ti nunca sentiches curiosidade por saber que pasaba cando non todo era tan fácil? Quero dicir, nunca preguntaches aos teus avós como viviran aquelas épocas duras, onde o home da familia tiña que emigrar para poder darlle de comer á súa muller e aos seus fillos? Pois a min sempre me gustaba escoitar as anécdotas que o meu avó contaba, sentado na cadeira da cociña detrás do lume. Gustábame escoitar como se acordaba de todo, incluso dos pequenos detalles dos que eu penso que nin me acordaría.

Aquela tarde, entrei pola porta e vinos aos dous alí, detrás da lareira, mirando a televisión. Presentín que ningún estaba demasiado atento ao que nela pasaba, e saudeinos como fago sempre "AVÓS!!". Sabía perfectamente que a resposta sempre era "non berres tanto, miña neniña", pero no fondo, a eles tamén lles gustaba que entrara pola porta con aquela ilusión de velos. Senteime ao seu lado e vin unha foto que había deles na parede. Terían vinte anos cada un. Eran tan guapos de novos..! Era unha foto da súa voda. Miña avoa ía de negro, xa sabemos todos que naquela época non deixaban casar de branco. E meu avó, con outro traxe da mesma cor, moi elegante, collendo a súa muller pola cintura. Mireinos e pensei "este é un exemplo para romper a frase esa que di que nada é para sempre". Entón, entroume a curiosidade e pregunteille:

- Avó, ti a onde emigraches?

- Ui, miña neniña... Esa é unha historia moi longa, queres escoitala?

Asentín cun sorriso na cara.

- Pois verás... Eu comecei a traballar moi noviño, cando tiña sete anos. Pero por aquel entón aínda traballaba aquí, preto da casa. Había que axudar a miña nai no que se puidese. Era unha muller solteira con sete fillos e ela soa non era quen de manternos a todos. -Fixo unha parada, mirou á televisión fixamente e tomou aire. Na súa faciana había un xesto de dor-. Cando empecei a mocidade comecei a andar cunha rapaza de aquí preto, a túa avoa. Tiñas que ver que guapa era, que ben feitiña era, con que estilo andaba...! Era unha das mellores que había polo lugar. Estivemos uns anos de mozos e aos vinte decidimos casar.

Houbo outra pausa, pero desta vez porque a miña tia e os meus primos entraron na casa. Estes tamén se apuntaron a escoitar a historia.

- Nada máis casarmos, tiven que emigrar. O primeiro lugar onde estiven foi en Francia. Uns coñecidos conseguíranme algo alí, nas vías do tren. E alá nos fomos eu e uns cantos máis. Por aquel entón había que ir en tren. Chegamos á estación e xa saíra. Mira que perdermos tren o primeiro día...! -Sorriu-. Tivemos que esperar o próximo... E mira que tardou en chegar, eh! Por fin montamos e tras bastantes horas de viaxe chegamos a Francia.

- E cal foi a túa primeira impresión do novo país?- Preguntei con curiosidade... Sempre quixen ir a Francia.

- Pois é un país moi bonito, aínda que tamén depende da rexión onde esteas. A nós, por sorte, tocounos un barrio tranquilo onde non había xente problemática. O peor foi o idioma... Quen entendía o que querían dicir? E falaban tan rápido! O único que sabíamos dicir era " Bonjour", "Au revoir" e "Merci". Xa me dirás ti como te apañas con tres palabras só. Agora ides todos á escola e xa falades perfectamente, pero antes... Todo custaba cartos!

- E cantos anos estiveches en Francia?

- Estiven tan só dous... Despois conseguín outro choio mellor en Suíza. E alá me fun. Alá xa puidemos ir en avión. Non lle tiña moito medo, e iso que antes non había todos estes avances que hai agora! E collemos unha tormenta polo camiño... Ai, meu Deus.. Aquilo si que che facía estremecer o corpo! Pero chegamos ben.

- E como falabas coa avoa? Chamábala todos os días?

- Pero ti que dis? Como a ía chamar todos os días? Ti pensas que antes tiñamos diso que agora chamades "*guasap*" ou "*feisbuk*"? Antes escribiase unha carta cada certo tempo e ás veces tardaba moito tempo en chegar, cando as noticias que se contaban nela xa eran vellas. E máis tarde, cando túa avoa tivo teléfono na casa, puidemos falar cada domingo. Chamábaa ás dez en punto. Pero daquela xa eran túa nai e túa madriña moi grandes, iso é outro capítulo desta historia.

- E cando miña nai naceu, ti estabas en Suíza? -Escoitara esa historia, pero non me quedara moi clara.

- Si, estaba eu traballando en Suíza. Ela naceu un trinta de agosto do sesenta e catro. A túa avoa envioume unha carta, pero ata unha semana despois non chegou... Así que imaxínate como avanzou todo! Agora con iso dos teléfonos móbiles comunicádesvos en medio minuto.

- Pois si que eran tempos duros, si... - Era todo tan distinto de agora... E aínda por riba queixámonos. E de que nos queixamos? Se o temos todo, coma quen di. Se tivéssemos que traballar aos sete anos para comer como fixo meu avó, habíámonos de queixar. E antes nin te queixar podías, porque levabas unha tunda por riba...

- Pero tampouco te creas que andabamos chorando por aí. Eu funche moi feliz nesta vida. A cada un tócalle vivir nunha época e adáptase a iso. A min tocoume sacrificarme desde os sete anos pola miña familia e ben orgulloso que estou diso. Grazas a iso agora teño aquí diante o mellor tesouro. -E vexo como se emociona. Como se lle enchen os ollos de bágoas.

E así pasámola tarde, entre contos e historias do pasado... Pero unha sesión non abondou para coñecer toda a historia, polo que decidimos deixalo para outro día. Pero non houbo outro día, porque a todos nos chega a hora, a hora de chorar ás agachadas. Non me gusta chorar en público.

Pasaron xa case tres meses dende aquela tarde e aínda nunca me atrevín a escribir sobre o acontecido... Non sei se por medo a volver chorar ou a non saber facelo ben...

Era nove de febreiro, non faltaba moito para que chegara o entroido. Eu estaba feliz, comprara un pixama coa miña mellor amiga para pasar a tarde de domingo pola vila. Esa tarde, como moitas outras, fora velo. Abrín a porta e berrei "AVÓ!". El dixo o de sempre, "non berres tanto, miña neniña", e sorría. Sentámonos na mesa a merendar. El tomou o seu café con rosquillas. Acórdome de que tamén comeu gusanitos comigo... Encantáballe comer desas larpeiradas.

Chegou a hora de volver a casa, a hora da despedida Díxenlle que mañá volvería por alí, darlle una visitiña coma todos os sábados. Díxome que ata mañá e deille un bico na fronte...

Esa noite, coma todas desque estaba enfermo, chameino para preguntar como estaba, se xa ceara ou se aínda non. Todo estaba normal, coma sempre.

Á mañá seguinte espertoume miña nai dicindo que caera, que tiña que ir axudarlle a levantarse, pero que todo estaba ben. Pensei que era unha das súas caídas normais, ou iso me fixeron crer.

Xa non me volveu falar, nin a me berrar por gritar, nin a me sorrir.

Levárono ao hospital. Os médicos dixeron que fora unha hemorraxia cerebral e que non había nada que facer... En seguida lle deron unha habitación e alí estivo unha semana, quedo, na cama, só respirando. Eu faláballe, sabía que me sentía. Pensaba que volvería abrir os ollos e a mirarme. Faltei a clase para ir velo ao hospital, para collelo da man e que sentira que estaba alí, con el... Eu nunca dou nada por perdido ata que de verdade está perdido.

Era catorce de febreiro, día de San Valentín. Quixen pasar aquel día con el. É a quen máis quero na miña vida. Fun velo, volví collelo da man e a contarlle cousas... Sabía que me escoitaba, que no seu interior estaba disfrutando das miñas historias.

Quince de febreiro, oito da tarde... Un último suspiro... Alí quedou... Aquel quince de febreiro de dous mil trece, unha maldita enfermidade levou a súa vida...

Comunicáronmo á mañá seguinte cando aínda estaba durmindo na cama. Tapeime coas mantas e non quixen saber nada do mundo... Só quería chorar, darlle o meu corazón para que puidese seguir adiante...

Domingo dezasete. Aquel día celebrouse o enterro. Fun a floristería por catro rosas vermellas... Coloqueillas enriba da caixa... Tamén puxen unha foto miña e del cando eu aínda era unha anana...

Aquel día deime conta de que nunca sentira dor... De que nunca sufrira. Porque a dor máis grande que hai é perder alguén... Pero non perdelo de discutir e non volver falarse... Perdelo de forma de que se vai de aquí... De forma que pecha os ollos, deixa de respirar... Detense o seu pulso... Os seus beizos quedan xuntos... Non di nada máis... E de repente atópaste con que está dentro dunha caixa, entrando nun nicho... Miles de flores... Miles de lágrimas... Miles de momentos que quedaron sen vivir e montóns de historias que quedarei sen saber porque algo decidiu arrebatarlle a vida...

- Avá, é un ananaco achés?

- Un ananaco... Ése é unha palabra moi longa, quanta escollades?

- Asíntin con respecto na casa.

- Pois verás... Eu comecei a traballar moito novo, cando ían sete anos. Pero por aquel entón aínda traballaba aquí, preto da casa. Había que axudar a miña nai no que se perdía. Era unha xente solteira con sete fillos e ela, a nai, non era quen de manterlos a todos. Fixo unha parada, mirou a televisión, fíxose a folla e fíxose a folla. Na súa faciana había un rasto de dor. Cando entrou a modidade comecei a entrar dunha repata de aquí preto, a tal hora. Unha que ver que gustar era, que non gustar era, que que se lle estaba... Era unha das mozas que había para levar. Estivemos uns días de mozos e nos íamos decidindo casar.

Houbo outra prisa, por unha vez porque a miña nai e os meus irmáns entraron na casa. Eles tamén se apuntaron a escoitar a historia.

- Nada máis casamos, íven que enigrar. O primeiro lugar onde casamos foi en Francia. Uns curriedos conseguíronnos algo ali, nas vías de tren. E ali nos fomos eu e uns xantos máis. Por aquel entón había que ir en tren. Chegamos a estación e xa saíra. Mirá que perdemos tren e primeiro íamos... -Gome. Tivemos que esperar o próximo... E mira que tardou en chegar, chí. Por fin montamos o tras bastantes horas de viaxe chegamos a Francia.